

Documento distribuído por



# Poemas de Kathleen March

Colaboración da autora no Taboleiro virtual creado a iniciativa de Vieiros con motivo do Día das Nosas Letras do ano 1997



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## A lingua sabe

Quero falarche do amor.  
En que lingua entende-me mellor?

Quero falarche do odio.  
Para iso sós serve o inglés,  
ben o sabes.

De que che podo falar en galego, entón?

# Dúbida

Levo case vinte anos como residente fuxidma de Santiago. Teño feito o amor innumerabeis veces aquí e nas estradas. Sei o que son bagoas secas nos tellados do Toural, o carnaval de Merza coa música da lambada, o verdadeiro, o verdadeiro significado do día 25, a aparición das primeiras enrugadas, sendo amada por un xeneroso galego. Cruzo rúas a soas, nao senlleira que endexamais quixen ser.

Chorei a morte da Señora Rosa da Praza, a que fora miña amiga cando aquí aínda non coñecía a ninguén (que frescas eran as verduras, que vermellas e que enchidas de frieiras as súas mans).

Cando morra, sei que terei que vir a Compostela. E aínda son invisíbel para vós.

Secomasí ficarei nesta praza, a escoitar o sosego da cidade mentres vós facedes viaxes a Londres ou París. E deixarei un pouco de outro país nistes liques valentes. E aínda serei invisíbel.

Chorará a Señora Rosa a miña morte?

## Desacougo

Sáímos de Santiago, arelantes de ar, liberdade de tanta catedral. Nos primeiros intres o sol era unha ledicia, os verdes novos, o mar... cómpre non mencionarmolo. Ninguén a fitar-nos. Ninguén que soubese a verdadeira historia do noso amor.

Ninguén.

Asustada, apañei o tren en Vigo, ou en Tui, ou nalgures máis alá da raia, para tornar a aquelas rúas, a istas pedras, onde ninguén nos fita, ninguén sabe a verdadeira historia do meu amor.

# Historia verde

Só en Galicia pode chamar-se Ríu unha poboación  
e pode chamar-se Verdugo un río.

Mais eu tamén coñezo un mundo que se chama  
Ulfe.

E outro, cun reflexo máis alá cecais,  
nome que seduce e fire a morte,  
Trasulfe.

Povos sitiados.

A última invasión sería hai quince séculos.  
A vindeira non chegara, porque entre castiñeiros milenarios  
e teixos petrificados en espiral  
estarei a axexar  
atalaia celta polas corredeiras do val

a vixiar os soños da miña xente.

E ficará  
a historia escrita, coma sempre,  
nas ponlas de nogueiras e no mesto arrecendo  
que mollan erba e estrume  
ás oito da tarde dun xullo histórico  
coa mesma tinta verde, eterna.

Dirá, sinxelamente:  
'Aquí estamos nós'  
'Aquí morremos sempre'

# París

Cidade de luces, envexa do mundo enteiro.

Mais non tes  
leitugas entre as paredes de Nôtre Dame  
nen postos de polbo por Montparnasse  
queixos a deformáren-se sobre leitos de fíos verdes  
arrecendentes nos cestos da praza de Ste. Germaine  
nen señores que van en bicicleta cun chifre que chama  
a afiar os coitelos

Con tristura, miro arredor de min  
e sei, dende sempre,  
dende a praza do Obradoiro  
á de Fonseca  
e ás Algalias  
(e confeso, con voz lonxana eu tamén)  
que aquí, en París,  
non hai poesía.

© 1997 Kathleen March.  
Professor of Spanish; Director, Critical Languages Program  
Dept. Modern Languages & Classics, University of Maine, Orono ME 04469  
Telf.: 207-581-2088; fax: 207-581-1832  
e-mail: [Kathleen\\_March@voyager.umeres.maine.edu](mailto:Kathleen_March@voyager.umeres.maine.edu)

Fonte: <http://vello.vieiros.com/letrasgalegas/letras-97/poema-kmarch.html>

Data de descarga: 26/05/2016